



[bng.gal](http://bng.gal)  
[facebook.com/bloquenacionalistagalego](https://facebook.com/bloquenacionalistagalego)  
[twitter.com/obloque](https://twitter.com/obloque)

## **POLA DEMOCRACIA E A SOBERANÍA DOS POBOS. GALIZA DI NON AO TTIP.**

### **QUE É?**

O Tratado Transatlántico de Comercio e Investimento (TTIP) é un tratado de comercio, inversións e servizos promovido desde os EE.UU e a UE para avanzar na desregulación e liberalización plena do mercado. Pretende liberar de calquera restrición a actuación das transnacionais americanas e europeas, para seguiren a obter máis beneficios a costa de produciren máis sufrimento e empobrecemento das clases traballadoras.

Quérese subordinar os dereitos das persoas e a soberanía dos pobos aos intereses e beneficios das grandes empresas mundiais.

### **QUE VAI SUPOÑER NA GALIZA?**

Provocará, na práctica, unha competencia á baixa nos dereitos laborais e sociais, a perda do carácter universal das prestacións públicas e a consideración da saúde como puro negocio.

No horizonte, unha sociedade-xungla, onde cadaquén gozará de dereitos en función da súa capacidade económica. Unha sociedade sen salarios mínimos, sen garantía de pensións e seguranza social, coa saúde e o ensino privatizados, sen seguranza alimentaria polo uso de transxénicos, co espazo público convertido en mercado para o lucro privado.

Se o impacto en toda Europa será nocivo, as consecuencias na Galiza son directamente demoledoras: padecemos as pensións máis baixas, peores condicións laborais, e unha sociedade moi avellentada que precisa de máis atención sanitaria.

### **NA DEFENSA DO NOSO FUTURO.**

O futuro dos nosos dereitos como persoas e como pobo pasa por termos capacidade real para decidirmos nós sobre as nosas vidas. Na Galiza non posuímos Estado propio, polo que se devalúa aínda en maior medida a falta de democracia. E non podemos aceptar un futuro en que o beneficio das grandes empresas estea por riba da vida digna das persoas e das decisións soberanas dos pobos.

Desde o BNG dicimos NON ao TTIP e chamamos a erguer a vontade de galegas e galegos, para darmos unha ampla resposta popular contra o mesmo. Contra o TTIP, soberanía para Galiza, democracia, traballo e dereitos. Parar o TTIP **#dependedenós**.